

CONFIRMADO, ¡A PRESIÓN É INASUMIBLE!

Despois do análise dos datos da **enquisa** que lanzamos dende a **Unidade de Acción Sindical**, podemos avanzar resultados significativos:

Por un lado, a percepción da **presión é moito maior na rede**, con máis do 50% das respostas a nivel 5 (na escala de 1 a 5) e preto do 90% a niveis 4 y 5, mentres que no centro corporativo chegan ó 22 e 57% respectivamente, valores que de igual maneira son inasumibles.

Polo que respecta ao tempo para realizar as tarefas, máis do 83% na rede indica que **nunca hai tempo suficiente**. Dende os centros corporativos amosa esta postura máis do 51%.

A presión é moi alta e incrementase no período estival no que estamos, motivado polas vacacións de parte das empregadas e dos empregados cuxa ausencia non se sule.

Queremos incidir na **chantaxe** que se da a miúdo polo feito de trasladar ao traballador e traballadora a responsabilidade de que outro poida incluso tomar vacacións asumindo máis traballo do que se pode soportar.

Debemos, neste punto, reflexionar sobre o concepto de responsabilidade que nos inculcaron durante tanto tempo.

A **responsabilidade do empregado** é traballar toda a xornada laboral sen presa e sen pausas innecesarias, facendo o traballo de maneira dilixente e axustado á norma interna e externa. Todo o demais non é a nosa responsabilidade:

- Se me dan máis traballo do que calquera persoa pode facer durante a xornada laboral, non é a miña responsabilidade.
- Se non se cobren as baixas, non é a miña responsabilidade.
- Se a persoa de apoio non está formada, non é a miña responsabilidade.
- Se algún membro do equipo atópase de baixa médica, non é a miña responsabilidade.

Algunhas das accións que propuxemos contan co apoio de entre o 40% e o 50% dos que vos manifestastes. É significativo que menos do 5% manifestou que non pensa facer nada. Tamén agradecemos enormemente as vosas aportacións neste sentido. É por elo seguiremos rexistrándoas e ténndoas moi en conta.

Previo ao inicio do mes de setembro **informarémovos da posta en marcha de contundentes medidas**, para o que seguimos contando co voso apoio indispensable. Hasta entón, animámosvos a seguir cos luns negros e continuar **respondendo a enquisa**, que deixamos aberta para quen non houbera tido ocasión de cumprimentala ata a data.

